



## VI PREMIO ARESA

Excelentísimo Señor Presidente da Xunta de Galicia:

Excelentísimas e Ilustrísimas autoridades:

Donas e señores:

Dende o punto de vista da identidade, en todo o relacionado coa nosa cultura, cos modelos de vida social e familiar, coa tipoloxía da nosa vivenda, e mesmo coas creencias que nos configuran como pobo, Galicia ten unha deuda histórica co campo e coa sociedade agraria. Ésta aínda hoxe penetra con intensidade nos espacios urbáns máis avanzados, e contribue a crear ese especial equilibrio entre o rural e o urbano que nos fai diferentes en todo o ámbito europeo.

Mesmo me atrevería a dicir que o forte vínculo rural que amosa a historia, e do que son proba os impresionantes mosteiros que, estratexicamente espallados polo territorio, serviron de instrumento de difusión cultural no Medievo, aconsellan permanecer fieis a unhas raíces antropolóxicas que, aínda que parecen estar superadas nos nosos días, volverán a darnos os referentes de valor e de estética que son esenciais para unha feliz modernidade.

Pero, ao lado destes feitos que acabamos de suliñar, tamén hai que recoñecer que, dende o punto de vista económico e productivo, a estrutura da nosa propiedade e o peso que tivo a poboación sobre o territorio impediron ou retrasaron o paso a unha agricultura moderna. E así se explica que o noso campo

adocera dunha falta de competitividade que lle impedía manter a súa importancia económica, fixar nas explotacións aos traballadores xoves, manter a cultura agraria que defineu a nosa xeografía, e facerse acreedora dunhas dotacións de servizos e duns niveis de renda que equiparen aos habitantes do rural coa media alcanzada polos traballadores da industria e pola poboación galega en xeral.

Fronte á moi extendida sensación de fracaso que atinxe ás políticas agrarias, que sempre acaban comparándose cos modelos agrarios intensivos que se estenden pola costa Mediterránea e por Andalucía, os galegos estamos logrando unha transformación esencial da nosa cultura agraria e da nosa relación co espazo rural. Na miña convicción persoal, este camiño hanos levar á construción dunha agricultura de enorme modernidade, rentable nas súas estruturas productivas, e moi conectada coa cultura da ecoloxía e da sostibilidade que domina en toda a Unión Europea. E por eso creo que, se fronte aos modelos intensivos actuais estamos atravesando unha fonda e prolongada crise, no rexurdir da agricultura europea do futuro habemos de constituir un referente privilexiado e difícilmente superable. Se acertamos a evadir a tentación de simplemente copiar aos demais, podemos chegar a ser un modelo de éxito. Para que esta nova etapa se fixese posible, tivemos que liberarnos da visión idílica do agro e dos seus traballadores que impideu a modernización esencial das estruturas agrarias. E mesmo houbo que esperar a que a propia Administración abandoase a tentación de salvar un mundo rural convertido nun imaxinario de significados moi apartado da realidade, para permitir a entrada do espírito emprendedor, da investigación, das novas tecnoloxías e das novas técnicas de mercado que

están facendo rexurdir dende dentro, ou das súas propias cinzas, o agro de Galicia e os colectivos humanos que poden explotalo e habitalo.

Nesa tarefa non abonda co esforzo da poboación rural, con sero o eixo básico da mesma; precisamos o compromiso firme das institucións públicas, que han de fuxir das boas palabras sin resultados prácticos para implicarse de cheo nunha política realista e de feitos concretos.

No marco desta nova mentalidade e destas excelentes oportunidades teñen importancia esencial algunhas institucións como Centro Tecnolóxico Alimentario de Lugo, froito do esforzo do noso Concello, e posto ao servizo das estratexias de desenvolvemento rural. Na mesma liña de potenciación dos recursos agrarios da nosa área actúan os crecentes convenios de colaboración coa Universidade de Santiago na área de I+D+i, na que se basa, por necesidades de rentabilidade e eficacia, a modernización do agro e do seu sistema productivo.

Esta visión dinámica e moderna da agricultura galega é a que quere destacar o **Premio ARESA**, que, fundado fai seis anos, recoñece nesta edición a laboura realizada polo **programa "O Agro-Labranza", da Televisión de Galicia**.

No mundo de hoxe é tan importante facer cousas coma comunicarlle aos cidadáns –protagonistas directos ou indirectos- os feitos realizados. Porque non hai xestión moderna que sexa eficiente se non consegue a sinerxia entre a acción de goberno e as iniciativas dos particulares. Nada se pode facer se non hai un apoio social aos cambios estratéxicos e de mentalidade que impregnan tódolos procesos de modernización.

Tal é a importante labor dos medios de comunicación. E así queremos recoñecela, dándolle certificado de "ben feita", a este programa da Televisión de Galicia que, lonxe de ser considerado coma unha relación de curiosidades sobre un mundo que se desvanece, está visto por nós como un pilar esencial dunha acción empresarial, laboral, científica e administrativa que está na base do relanzamento do noso agro.

Felicidades aos gañadores, e moitas gracias pola súa asistencia e pola xenerosa atención ás miñas verbas.